

## **BASES PARA PARTICIPAR NOS “PREMIOS DE OUTONO”**

### **FEIRA DO OUTONO DE ALLARIZ 2023**

#### **CESTAS DE OUTONO**

---

As compras realizadas nalgún dos postos localizados no pavillón do IES de Allariz, con motivo da Feira de Outono, serán premiadas a través do sorteo das Cestas de Outono.

Con cada compra dalgún dos produtos á venda na Feira de Outono, o/a comprador/a recibirá un **boleto** que deberá cubrir e depositar nunha urna dedicada a tal fin no posto de información dentro do pavillón do IES.

Os sorteos celebraranse:

- Sábado 11 de novembro de 2023 ás 20:00h
- Domingo 12 de novembro de 2022 ás 14:00h
- Domingo 12 de novembro de 2022 ás 19:30h

**É condición necesaria para ser agraciada con algún dos premios que a persoa premiada se atope no pavillón da Feira no momento do sorteo.**

**Non se permite a participación no sorteo dos/as expositores/as e membros da organización. De ser o caso, a cesta de Outono volverá ser sorteada.**

#### **XANTAR DE OUTONO**

---

Todas aquelas persoas que, dende o 10 ao 12 de novembro, degusten un Menú ou Tapa de Outono, nalgún dos restaurantes participantes (ver folleto) recibirán xunto co seu menú un **boleto** que, despois de encher cos seus datos, deben depositar nunha urna instalada no pavillón onde se celebra a Feira de Outono.

O sorteo dun Xantar de Outono para dúas persoas terá lugar o domingo 12 de novembro ás 19:30h.

**Non se permite participar aos/ás propietarios/as dos establecementos nin empregados/as. De ser o caso, o Xantar de Outono volverá ser sorteado.**

---

CONCELLO DE ALLARIZ